

WALT DISNEY'S SILLY SYMPHONIES


1820

Walt Disney Productions, 1929-1939

ESTREA EN NUMAX: 21.08.2026 | V.O.S.E. | +9 | 54 min

Escollo dalgúns dos cartoons máis salientables da serie Silly Symphonies, creados polo estudio Disney entre 1929 e 1939. A sesión inclúe as curtametraxes "A danza do esqueleto" (1929, 6 min), "Os tres porquiños" (1933, 9 min), "Flores e árbores" (1932, 8 min), "O pato Donald: a galiña sabia" (1934, 9 min), "A Deusa da Primavera" (1934, 10 min), "O parruliño feo" (1931, 7 min) e "O vello muíño" (1937, 9 min).

Aínda que a meirande parte das curtas non teñen diálogos, algunhas delas si contan con cantigas que serán proxectadas en versión orixinal con subtítulos en español.



Notas dos directores

As *Silly Symphonies* foron unha serie de curtametraxes de animación que o estudio Disney desenvolveu entre 1929 e 1939. A idea desta serie de animación viu motivada por unha discusión, metade desengaño, entre o compositor e arreglista Carl Stalling e o propio Walt Disney. No fondo, a discusión viña motivada porque o primeiro non estaba contento co rango que estaba ocupando a música nos cartoons da época xa que el defendía que a música debía ser o motor narrativo dos mesmos. Walt Disney non estaba de acordo con el xa que pensaba que o verdadeiro valor de calquera traballo de animación non estaba na música senón en lograr dar vida a debuxos ou obxectos que en realidade era imposible velos en movemento.

Levaban xa un tempo así, cando decidiron chegar a un acordo, realizarían unha serie de curtametraxes onde a animación se realizaría como consecuencia da música, que sería a que marcaría o guión, e sen un personaxe clave ou recorrente nas series do estudio. Disney cedeu á idea do compositor estrela do estudio, porque el só buscaba experimentar e traballar con novas técnicas de animación, que logo aplicaría a traballos máis ambiciosos. E así sucedeu, xa que todo o traballo que se realizou para a elaboración da serie que compuña as *Silly Symphonies* está detrás da creación de lendarias longas da Disney como *Snow White and the Seven Dwarfs* ou *Pinocchio*. Foron 10 anos de traballo e experimentación que serviron para confirmar o que logo viría.

Entre as *Silly Symphonies* máis celebradas encontramos un dos primeiros éxitos da Disney, *The Skeleton Dance*, considerada unha das 50 mellores curtametraxes da historia e xerme de todas as curtas que virán despois. Foi producida e dirixida por Wal Disney e animada por Ub Iwerks a partir da subversiva idea de poñer a bailar uns esqueletos nun cemiterio.

Outra das curtas máis célebres e relevantes da serie será *The Three Little Pigs*, recentemente engadidas no National Film Registry da Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos como un dos filmes que cómpre preservar pola súa achega cultural. O xesto do Congreso vén a recoñecer a importancia para o mundo da animación da serie creada pola Disney e en concreto o traballo que lles deu sona e recoñecemento mundial en 1933 coa xa universal cantiga “Quen teme o lobo feroz?”. A ela seguirían outros título memorables como *Flowers and Trees*, *The Tortoise and the Hare*, *The Ugly Duckling* ou *The Old Mill*.